V EDICIÓN. PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE 2025

A quinta edición dos Premios de Innovación en Saúde do Sistema Público de Galicia tivo unha gran acollida, presentáronse un total de **72 candidaturas**, das que resultaron dez finalistas, cinco na modalidade de pacientes e outras 5 na modalidade de profesionais.

Esta foi a segunda edición na que se entregaron dous premios en cada unha das modalidades. Na **modalidade de pacientes**, o proxecto gañador foi "Mellora da transición cara a fase post-hospitalaria das familias con dano cerebral" , presentado pola **Asociación dano cerebral adquirido de Ourense (RENACER)**, que ten como obxectivo complementar a atención tras a fase de hospitalización das familias que sufriron unha situación tan adversa como a que constitúe un episodio de dano cerebral .

O **segundo premio foi para a Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA)**, que presentou o proxecto "The Mind Guardian", unha aplicación que permite, de maneira áxil, o cribado de sinais de deterioro cognitivo xa que o diagnóstico precoz é un elemento crave na abordaxe deste tipo de enfermidades.

Por outra banda, en canto á **modalidade de profesionais**, o proxecto gañador foi "Implantación dos protocolos de Xestión Enfermeira da Demanda (XED)", que conta xa con preto de 20 protocolos activos na actualidade e está pilotado dende o **centro de saúde da Estrada**.

O **segundo premio foi para o equipo de fisioterapia comunitaria da Área Sanitaria de Vigo**, que presentou "Activa a túa saúde", un programa que combina a educación para a saúde co exercicio terapéutico, facilitando a integración coa comunidade.

Convocatoria e bases reguladoras 2025

CONTIDOS RELACIONADOS

Sanidade celebra a V edición dos premios de innovación en saúde do Sistema público de saúde de Galicia

Resolución de concesión dos V Premios de Innovación en Saúde no Sistema Público de Saúde de Galicia 2025 (procedemento SA304A)